

CULTURA MARÍTIMA

O VIII Encontro de Embarcacións Tradicionais que se celebra na ría de Ferrol do 5 ó 8 de xullo ten confirmada a presenza de 76 embarcacións chegadas de Galicia, doutros puntos da Península, das Azores e de Francia. Espérase que se alcance

ou incluso se supere o centenar de participantes, entre os que podería haber mariñeiros italianos e escoceses. Para todos eles, e para os que queiran coñecer e disfrutar do patrimonio marítimo, o Club de Mar de Ferrol, a Federación Galega pola

Cultura Marítima e Fluvial (Fgcmf) e o Museo do Mar de Galicia prepararon un amplo programa de actividades. Os navíos comezan xa a chegar á cidade. Os máis pequenos veñen por estrada e os de maior tamaño viaxarán polo mar.

O peirao de Curuxeiras dará abrigo a un cento de embarcacións tradicionais

Haberá que colocar pantaláns extra para que caiban os participantes no VIII Encontro

REDACCIÓN > FERROL

■ O Encontro de Embarcacións Tradicionais celébrase cada dous anos desde 1993. Ribeira, Coruxo, O Grove, Poio, a Illa de Arousa e Cambados foron ata o de agora os enclaves dun proxecto que gaña cada ano en participantes e en proxección internacional. Coa súa chegada a Ferrol dá o salto cara ás rías do norte de Galicia, tal e como se encargaba onte de resaltar Fernando Piñeiro, presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial. “Supón unha evolución na nosa traxectoria e na defensa, conservación e promoción do patrimonio marítimo de Galicia”, explicaba. Ademais, na presentación celebrada no edificio administrativo da Xunta, referiuse á importancia desta iniciativa. “É o encontro destas características máis importante de toda a Península Ibérica e un dos máis importantes de Europa”.

Amable Dopico, presidente da Autoridade Portuaria de Ferrol, expresou a súa satisfacción pola celebración na ría deste VIII Encontro e inscribiu a participación do organismo que preside dentro da “colaboración permanente entre o porto e a cidade”. “É unha posta en valor da nosa riqueza patrimonial e nun eido que para min, como enxeñeiro naval, é moi especial”, engadiu.

Xaime Bello, como vicepresidente da Deputación, falou da es-



Manuel Santiago, Fernando Piñeiro, Ánxela Bugallo, Xaime Bello e Amable Dopico, durante a presentación

E.B.

pecial configuración da ría de Ferrol e tamén da historia que gardan cada unha das embarcacións tradicionais que virán á cidade. “O encontro é tamén un encontro de memorias. Cada barco ten a súa evolución, a súa vida”.

Na presentación entrevistou ademais o concelleiro de Deportes de Ferrol, Manuel Santiago, quen destacou a riqueza do programa e, dentro del, a homenaxe ó por-

tugués Manuel Lopes, pioneiro no estudo da etnografía marítima. “Tódolos ferroláns temos un aliciente máis para disfrutar do mar que nos rodea”, afirmou.

Obxectos vivos > A conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, destacou o duro e entusiasta traballo do Club de Mar e da Fgcmf –“Nós somos os acompañantes ilusionados dun camiño que levan facendo

desde 1993”– e subliñou o aspecto deportivo que teñen tamén estes encontros, que lle da vida a unhas embarcacións que son “para velas e disfrutalas como elementos de ocio, de deporte e tamén como elementos a conservar”, comentou. “A partir de agora penso que conseguiremos poñer ó patrimonio marítimo galego no sitio que lle corresponde en toda Europa”, engadiu.

Un espazo con carpas-museo, obradoiros para nenos e adultos, gardería e taberna

REDACCIÓN > FERROL

■ O peirao de Curuxeiras transformarase a semana que vén para albergar o programa de actividades. A primeira consecuencia será a instalación de pantaláns nos que poidan atracar as embarcacións.

Tamén haberá un “Pavillón dos museos” con exposicións e informacións sobre diferentes entidades no lugar no que o ano pasado se celebraban os actos ligados ó “Barco da Memoria”. Ferrol volverá contar con este vapor, en cuxo

interior se celebrarán as xornadas técnicas que tratarán da lexislación que se aplica ás embarcacións tradicionais.

O lugar para os obradoiros e para a gardería ubicarase preto da sala de exposicións da Autoridade Portuaria, nos xardíns da Ranita. Este último servizo terá actividades específicas para nenos de 3 a 5 anos e de 6 a 12. Terá o mesmo horario que o pavillón e o espazo para os obradoiros: de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00, salvo o xoves, que abrirán ás 12.00.

A taberna mariñeira será outro dos enclaves principais para as actividades. Alí celebraranse os concertos. Estará aberta a partir das 11.00 horas e ata que rematen as actuacións musicais.

Outro dos puntos fortes da programación será a montaxe das cabrias. Esta tradición foi recuperada o ano pasado polos membros do Club de Remo de Redes e crese que dá nome a esta vila. Consiste en colgar as redes a secar en construcións verticais de madeira que se cravan na area.

■ AXENDA BÁSICA

Xoves, 5 de xullo | Ás 9.30 horas comezan as xornadas técnicas no Hidria –atracoado no peirao–. A inauguración oficial será ás 12.30 horas e a festa da arribada, ás 18.30. Haberá unha visita didáctica ás embarcacións ás 19.00 horas. Na taberna mariñeira tocan ás 21.30 Os Raparigos e ás 22.30, Batuko Tabanka. A esa hora está prevista a proxección dunha película no baluarte de San Xoán.

Venres, 6 de xullo | Continúan as xornadas técnicas. Ademais, ás 11.00 abren o pavillón dos museos, os obradoiros e a gardería e móntanse as cabrias (redes sobre paus verticais). Ás 12.00 hai regata de remo e vela, ás 16.00 preséntanse as novas embarcacións e ás 18.00 hai un paseo marítimo pola ría. Haberá cine ás 22.30 e ás 23.00, na taberna, tocará o grupo Mackeck.

Sábado, 7 de xullo | Ás 12.00 hai unha proba de navegación. Ás 13.00 horas preséntase a Festa Marítima Brest 2008 na goleta “La Recouvrance”. Ás 16.00 preséntase a revista Ardentia. Haberá de novo navegación desde as 17.00 horas e, ás 19.00 encontro de blogueiros. Na taberna celebrarase a homenaxe a Manuel Lopes e tocarán os grupos Malvela e Cempés.

Domingo, 8 de xullo | A navegación “Dornas ao mar” comeza ás 11.30 horas. A Banda Ferrolá de Música, que tocará na inauguración, farao tamén na xornada de clausura, ás 12.00. Ás 13.30 entréganse os trofeos e ás 14.00 horas celébrase o acto oficial de clausura. Aínda haberá actividade pola tarde, co espectáculo “En busca do tesouro”, do grupo Viravolta, a partir das 18.00 horas e a actuación do Real Coro Toxos e Froles na taberna mariñeira, ás 21.00.